



MOCIÓN

SOBRE O REAL DECRETO-LEI 5/2002, DE 24 DE MAIO, DE “MEDIDAS URXENTES PARA A REFORMA DO SISTEMA DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E MELLORA DA OCUPABILIDADE”.

O Goberno Central ven de aprobar de xeito unilateral e, fronte ao rexeitamento unánime dos representantes sindicais dos traballadores e traballadoras, o Real Decreto-Lei 5/2002, de 24 de maio, de “medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade”.

Na mesma liña de reformas anteriores, nomeadamente a de marzo de 2001, o Decreto que o pasado venres aprobou o Consello de Ministros comprende un amplo catálogo de medidas que aprofundan, aínda máis, na desregulación do mercado de traballo e introduce recortes drásticos dos dereitos sociais dos traballadores e traballadoras.

O recorte das prestacións por desemprego decretado polo Goberno reviste distintas modalidades, entre elas, compre destacar:

1. A modificación do concepto de “emprego adecuado”.
2. A supresión dos salários de tramitación no caso de despidos improcedentes.
3. A supresión da protección por desemprego para o emprego público subvencionado.
4. Transfire-se ás empresas dereitos de protección dos traballadores/as.
5. Dificulta-se extraordinariamente o acceso ao subsidio de desemprego dos emigrantes retornados.

O Goberno pretende completar o seu modelo laboral con esta reforma unilateral do seguro de desemprego, que sitúa as políticas de protección das persoas paradas nun nivel puramente asistencial, negando un dereito que se financia maioritariamente con cotizacións dos propios traballadores/as, culpabilizando aos parados/as da súa situación e obrigando ás persoas en desemprego a aceptar empregos precarios.

Fronte a esta concepción, compre por de manifesto que a proliferación dos contratos temporais de duración inferior a un ano – o 42% dos contratos de duración definida realizados en Galiza no ano 2001 foron de duración igual ou inferior a un mes – e das novas modalidades de contratos a tempo parcial, provoca que a maioría das persoas paradas non acaden os mínimos que dan dereito ás prestacións por desemprego. De feito, a taxa de cobertura do desemprego en Galiza (48.5%) é 8 puntos inferior á media estatal (51.2%).

Ademais, os colectivos máis afectados polo paro son a mocidade e as mulleres, que na maioría dos casos son demandantes de primeiro emprego, e que, polo tanto, non teñen dereito a ningún tipo de prestacións.

O **Grupo Municipal do BNG** no Concello de Vilagarcía, á vista do Real Decreto-Lei 5/2002, propón que polo Pleno da Corporación, se adopte o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao Goberno Central a derogar o Real Decreto-Lei 5/2002, de 24 de maio, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.
2. Instar igualmente ao Goberno Central a retomar o diálogo social como única vía para elaborar, de xeito consensuado, todas as medidas que afecten á regulación do mercado de traballo.
3. Instar á Xunta de Galiza e ao Parlamento Galego a facer propio este acordo, e a dirixir-se ao Goberno Central nos mesmos termos.

Vilagarcía, 30 de maio de 2002

Xosé Castro Ratón, voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA